

RESOLUCIÓN REITORAL DO 29 DE NOVEMBRO DE 2010 POLA QUE SE DESIGNAN SUPLENTES DOS/AS ADMINISTRADORES/AS DE CENTROS/CAMPUS PARA OS SUPOSTOS DE AUSENCIA TEMPORAL

No uso das competencias que a Lei orgánica de universidades (LOU) 6/2001, do 21 de decembro, modificada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, asigna aos reitores das universidades, xunto co artigo 58 dos Estatutos da Universidade de Vigo e o artigo 17 (suplencia) da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, para os efectos dun mellor desenvolvemento da Resolución do 24 de xuño de 2010 de delegación de competencias no ámbito da delegación a favor dos/as administradores/as de centros/ámbito/campus

RESOLVO

En caso de ausencia temporal do/a administrador/a de centros/campus será suplido/a polo seu inmediato inferior xerárquico atendendo á natureza das competencias e funcións que lle son propias do seguinte xeito:

- Nas funcións de natureza económico-orzamentaria e para o funcionamento dos servizos técnicos e de asistencia polo/a xefe/a de área económica e, en defecto deste/a, polo/a xefe/a de negociado ou responsable de asuntos económicos do centro afectado.
- Nas demais funcións será suplido/a por aquel inmediato inferior xerárquico que formalmente designe o/a administrador/a debendo así comunicalo á Xerencia e aos Decanos/Directores dos Centros/Departamentos implicados.

Vigo, 29 de novembro de 2010

O REITOR



Salustiano Mato de la Iglesia

SR. XERENTE

SRES/AS. ADMINISTRADORES/AS DE CENTROS E CAMPUS

SRES/AS. XEFES/AS DE SERVIZO E DIRECTOR DA BIBLIOTECA

SRES/AS. DECANOS/AS E DIRECTORES/AS DE CENTROS E DEPARTAMENTOS

SR. PRESIDENTE DA XUNTA DE PERSOAL FUNCIONARIO DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS